

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANA DE BERGANTIÑOS

Aprobación inicial do proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para a execución de estrada en Canduas

Por resolución de alcaldía 256/2025, de 21 de maio, acordouse a aprobación inicial do proxecto de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da estrada en Canduas a través do sistema de taxación conxunta, sometendo ó expediente a información pública e audiencia por prazo dun mes. Establece a parte dispositiva da citada resolución o seguinte:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Proxecto de expropiación dos Bens e dereitos necesarios para a execución da estrada en Canduas (RE 202599900000288 de 14/04/2025) redactado polo arquitecto técnico Marcos Pose Andrade.

Segundo: Tramitar a expropiación urbanística polo sistema de taxación conxunta.

Terceiro. Ter por declarada a utilidade pública dos bens e dereitos afectados segundo o PXOM e o proxecto expropiatorio.

Cuarto: A relación de bens e dereitos afectados polo proxecto expropiatorio é a seguinte:

Nº PARCELA	REF. CATASTRAL	TITULARIDAD	CLASE DE SUELO	SUP. AFECTADA POLO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN (m²)	VALORACIÓN (€)
1	15014A005001070000AR	Manuel Domínguez Rodríguez María Consuelo Collazo Amado	Urbano	32,20	676,20
2	15014A005001060000AK	Carmen Nantón Moreira. Juan Carlos Paredes Nantón	Urbano	88,62	1.861,02
3	15014A005001050001SP	Ángel Ferreiro Lema	Urbano	144,67	3.038,07
4	15014A005001030000AF	Enrique Lema Rodríguez	Urbano	100,08	0
5	15014A005000400000AT	Manuel Blanco Nantón	Urbano	25,78	541,38
6	15014A005000390001SQ	José Antonio Souto Fariña María Dolores Martínez Souto Dina Souto Martínez	Urbano	73,04	0
7	15014A005000380001SG	Carmen Moreira Durán	Urbano	28,01	588,21
8	15014A005000370000AT	Herederos de Francisco Romero Bentín	Urbano	38,50	1.215,78
9	15014A005000360000AL	Isabel Castro Fuentes	Urbano	15,62	427,07
10	15014A005000340000AQ	Ángel Ferreiro Lema María Carmen Pérez Rioboo	Urbano	214,28	8.800,56

Quinto: Someter o expediente á información pública e audiencia por prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello (<https://sede.cabana.gal/opencms/es/informacion/> e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así como no Portal de Transparencia municipal, para que aquelas personas que puideran estar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Para estes efectos o expediente estará exposto no Concello (Departamento de urbanismo), sito no lugar de A Carballa-Cesullas, s/n Cabana de Bergantiños e o proxecto se publicará no Portal de Transparencia.

O prazo dun mesde información pública contarase desde a publicación no BOP da Coruña.

Sexto.-Notificar a presente resolución de forma individual a cantos figuren no proxecto como titulares de bens e dereitos, con traslado da folia de aprecio para que poidan presentar alegacións e/ou reclamacións no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación .

O expediente poderá consultarse na casa do concello de Cabana de Bergantiños (A Carballa, 1- Cesullas) de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas (cita previa solicitada no servizo de urbanismo no 981754020), así como no portal de transparencia ([https://sede.cabana.gal/sxc/gl/portal transparencia/Relevancia Juridica/Proyectos Normativos/Proyectos Normativos.html](https://sede.cabana.gal/sxc/gl/portal%20transparencia/Relevancia%20Juridica/Proyectos%20Normativos/Proyectos%20Normativos.html)).

Cabana de Bergantiños, 28 de maio de 2025

O alcalde. José Muíño Domínguez